



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

ESTATUTOS



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

ESTATUTOS DO COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

ESTATUTOS DO COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL	2
TÍTULO I	6
CAPÍTULO Do Colexio de Avogados.....	6
Artigo 1.....	6
Artigo 2.....	6
Artigo 3.....	6
Artigo 4.....	7
Artigo 5.....	7
Artigo 6.....	7
Artigo 7.....	7
CAPITULO II Dos avogados.....	8
Sección primeira	8
Disposicións xerais	8
Artigo 8.....	8
Artigo 9.....	8
Artigo 10.....	8
Artigo 11.....	8
Sección segunda Capacidade, incorporacións e baixas.....	9
Artigo 12.....	9
Artigo 13.....	9
Artigo 14.....	9
Artigo 15.....	10
Artigo 16.....	10
Artigo 17.....	10
Artigo 18.....	10
Artigo 19.....	10
Artigo 20.....	11
Artigo 21.....	11
Artigo 22.....	11
Artigo 23.....	11
Artigo 24.....	12
Artigo 25.....	12
Artigo 26.....	13
Sección terceira Prohibicións, incompatibilidades e restricións especiais.....	13
Artigo 27.....	13
Artigo 28.....	13
Artigo 29.....	14
Artigo 30.....	14
Sección cuarta Publicidade.....	14
Artigo 31.....	14
Sección quinta Venia e substitucións.....	15



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 32.....	15
Artigo 33.....	15
Sección sexta Exercicio individual, colectivo e multiprofesional	15
Artigo 34.....	15
CAPITULO III Dereitos e deberes dos avogados.....	16
Sección primeira De carácter xeral.....	16
Artigo 35.....	16
Artigo 36.....	16
Artigo 37.....	16
Artigo 38.....	17
Artigo 39.....	17
Sección segunda En relación co colexio e cos demais colexiados.....	17
Artigo 40.....	17
Artigo 41.....	18
Sección terceira En relación cos tribunais.....	18
Artigo 42.....	18
Artigo 43.....	18
Artigo 44.....	18
Artigo 45.....	19
Artigo 46.....	19
Artigo 47.....	19
Sección cuarta En relación coas partes.....	19
Artigo 48.....	19
Artigo 49.....	20
Sección quinta En relación cos honorarios profesionais.....	20
Artigo 50.....	20
Sección sexta En relación coa asistencia xurídica gratuíta.....	21
Artigo 51.....	21
Artigo 52.....	21
TÍTULO II DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO COLEXIO	22
CAPÍTULO I Dos órganos do Colexio	22
Artigo 53.....	22
CAPÍTULO II Do decano e da Xunta de Goberno	22
Artigo 54.....	22
Artigo 55.....	22
Artigo 56.....	24
Artigo 57.....	25
Artigo 58.....	25
Artigo 59.....	25
Artigo 60.....	26
Artigo 61.....	26
Artigo 62.....	26
Artigo 63.....	27
Artigo 64.....	27
Sección segunda Da elección.....	27
Artigo 65.....	27
Artigo 66.....	28
Artigo 67.....	28



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 68.....	28
Artigo 69.....	29
Artigo 70.....	30
Artigo 71.....	30
Artigo 72.....	31
Artigo 73.....	32
Artigo 74.....	32
Artigo 75.....	32
Sección terceira Cesamentos.....	32
Artigo 76.....	32
CAPÍTULO III Da Xunta Xeral.....	33
Artigo 77.....	33
Artigo 78.....	33
Artigo 79.....	33
Artigo 80.....	34
Artigo 81.....	34
Artigo 82.....	34
Artigo 83.....	34
Artigo 84.....	35
CAPÍTULO IV Da execución dos acordos e libros de actas.....	35
Artigo 85.....	35
Artigo 86.....	36
TÍTULO III DO RÉXIME ECONÓMICO COLEXIAL.....	36
Artigo 87.....	36
Artigo 88.....	36
Artigo 89.....	37
Artigo 90.....	37
TÍTULO IV DO PERSOAL E DO FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO DO COLEXIO.....	38
Artigo 91.....	38
Artigo 92.....	38
TÍTULO V DO RÉXIME DE RESPONSABILIDADE DOS COLEXIADOS.....	38
CAPÍTULO I Responsabilidade penal e civil.....	38
Artigo 93.....	38
Artigo 94.....	39
CAPÍTULO II Responsabilidade disciplinaria.....	39
Sección primeira Réxime e potestade disciplinaria.....	39
Artigo 95.....	39
Artigo 96.....	39
Artigo 97.....	40
Sección segunda Das infraccións e sancións.....	40
Artigo 98.....	40
Artigo 99.....	40
Artigo 100.....	41
Artigo 101.....	42
Artigo 102.....	42
Artigo 103.....	42
Artigo 104.....	43
Artigo 105.....	43



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 106	43
Artigo 107	44
Artigo 108	44
TÍTULO VI DO RÉXIME XURÍDICO DOS ACORDOS SOMETIDOS A DEREITO ADMINISTRATIVO E A SÚA IMPUGNACIÓN	44
Artigo 109	44
Artigo 110	44
Artigo 111	45
Artigo 112	45
Artigo 113	45
TÍTULO VII EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DO COLEXIO	45
Artigo 114	45
Disposición adicional	46
Disposicións transitorias.....	46
D.T. Primeira	46
D.T. Segunda.....	46



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

TÍTULO I

CAPÍTULO I

Do Colexio de Avogados

Artigo 1

1. O Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
2. O seu ámbito territorial abrangue os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira.
3. Ten a súa sede en Ferrol e o seu domicilio na rúa Coruña, 60-62, baixo.

Artigo 2

O colexio someterase na súa actuación e funcionamento aos principios democráticos e ao réxime de control orzamentario anual, coas competencias atribuídas nas disposicións legais e estatutarias.

Artigo 3

Son fins esenciais deste colexio, no seu ámbito territorial, a ordenación do exercicio da profesión, a súa representación exclusiva, a defensa dos dereitos e intereses profesionais dos colexiados, a formación profesional permanente dos avogados, o control deontolóxico e a aplicación do réxime disciplinario en garantía da sociedade; a defensa do Estado social e democrático de dereito proclamado na Constitución española e a promoción e defensa dos dereitos humanos, e a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de Xustiza.

Rexerase polas disposicións legais estatais, comunitarias e autonómicas que lle afecten, polo Estatuto xeral da avogacía, por estes estatutos, polos seus regulamentos de réxime interior e polos

acordos aprobados polos seus diferentes órganos corporativos no ámbito das súas respectivas competencias.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 4

1. As súas funcións son as establecidas no artigo 4.1 do Estatuto xeral da avogacía.
2. En especial, o colexio velará para que a ningunha persoa se lle negue a asistencia dun letrado para a defensa dos seus dereitos e intereses, xa sexa da súa libre elección ou ben de oficio, con ou sen recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta, conforme aos requisitos establecidos para o efecto.
3. Igualmente, velará polos medios legais ao seu alcance para que se removan os impedimentos de calquera clase que se opoñan á intervención en dereito dos avogados, incluídos os normativos, así como para que se recoñeza a exclusividade da súa actuación.

Artigo 5

O colexio exercerá as accións que sexan procedentes por presuntos delitos ou faltas de intrusión.

Artigo 6

1. O Colexio de Avogados terá o seu tratamento tradicional e, en todo caso, o de ilustre e o seu decano o de ilustrísimo señor. Tanto os ditos tratamentos, como a denominación honorífica de decano, teranse con carácter vitalicio.
2. O decano do colexio terá a consideración honorífica de maxistrado.
3. Levará o decano puños na súa toga, así como as medallas e placas correspondentes aos seus cargos, en audiencia pública e actos solemnes aos que asista en exercicio deles. En tales ocasións os demais membros da Xunta de Goberno levarán sobre a toga os atributos propios dos seus cargos.

Artigo 7

Considerarase como festividade propia do Colexio de Avogados de Ferrol a de san Raimundo de Peñafort.



CAPITULO II

Dos avogados

Sección primeira

Disposicións xerais

Artigo 8

A avogacía é unha profesión libre e independente que lle presta un servizo á sociedade en interese público e que se exerce en réxime de libre competencia, por medio do consello e a defensa de dereitos e intereses públicos ou privados, mediante a aplicación da ciencia e da técnica xurídicas, en orde á concordia, á efectividade dos dereitos e liberdades fundamentais e á xustiza.

Artigo 9

Poderán pertencer ao colexio, coa denominación de colexiados non exercentes, os que reúnan os requisitos establecidos no artigo 13.1 do Estatuto xeral da avogacía.

Artigo 10

No exercicio profesional, o avogado queda sometido á normativa legal e estatutaria, ao fiel cumprimento das normas e usos da deontoloxía profesional da avogacía e ao conseguinte réxime disciplinario colexial.

Artigo 11

Poderán ser decanos ou colexiados de honra aquelas persoas ou institucións que reciban este nomeamento por acordo da Xunta Xeral do Colexio, por proposta da Xunta de Goberno ou vinte colexiados e en atención a méritos ou servizos relevantes prestados en prol da avogacía ou do propio colexio. Ambos os títulos terán carácter vitalicio.

Os ex-decanos e as persoas que teñan o título de decano honorario terán dereito, nos actos públicos do colexio, a usar toga cos símbolos que distinguen o decano, e a ocupar un lugar preferente.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Sección segunda

Capacidade, incorporacións e baixas

Artigo 12

Para o exercicio da avogacía no ámbito territorial deste colexio, é obrigatoria a colexiación nel, salvo nos casos determinados pola lei, polo Estatuto xeral da avogacía ou por estes estatutos. Abondará a incorporación a un só colexio, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio do Estado.

Artigo 13

Non poderá limitarse o número dos compoñentes do colexio nin cerrarse temporal ou definitivamente a admisión de novos colexiados.

Artigo 14

1. A incorporación a este Ilustre Colexio de Avogados esixirá os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou dalgún Estado membro da Unión Europea ou do acordo sobre o Espazo Económico Europeo do 2 de maio de 1992, salvo o disposto en tratados ou convenios internacionais ou dispensa legal.

b) Ser maior de idade e non estar incurso en causa de incapacidade.

c) Posuír o título de licenciado en dereito ou os títulos estranxeiros que, conforme coas normas vixentes, sexan homologados a aqueles.

d) Satisfacer a cota de ingreso e demais que teña establecidas o colexio.

2. A incorporación como exercente esixirá, ademais, os seguintes requisitos:

a) Carecer de antecedentes penais que inhabiliten para o exercicio da avogacía.

b) Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición para o exercicio da avogacía.

c) As condicións e fórmulas homologables que por lei se establezan co resto dos países da Unión Europea.

d) Formalizar o ingreso na Mutualidade Xeral da Avogacía, Mutualidade de Previsión Social a prima fixa ou, se é o caso, no Réxime de Seguridade Social que corresponda de acordo coa lexislación vixente.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 15

1. Os que pretendan a incorporación a este colexio deberán presentar a correspondente solicitude, e achegar os documentos xustificativos dos requisitos esixidos no artigo anterior.
2. Tamén declararán un domicilio ou medio preferente para os efectos de notificacións, designarán unha conta bancaria para o cobramento das cotas ordinarias ou extraordinarias acordadas pola Xunta de Goberno, e achegarán coa solicitude dúas fotografías tamaño carné.

Artigo 16

Correspóndelle á Xunta de Goberno resolver sobre as solicitudes de incorporación ao colexio. Poderá suspender ou denegar o ingreso, logo das dilixencias e informes que procedan, a quen non reúna os requisitos establecidos no artigo 14 destes estatutos. Neste último caso, será precisa unha resolución motivada contra a que caberán os recursos previstos nestes estatutos.

Artigo 17

Son circunstancias determinantes da incapacidade para o exercicio da avogacía as enumeradas no artigo 14 do Estatuto xeral da avogacía.

Artigo 18

1. Os avogados, antes de iniciar o seu exercicio profesional por primeira vez, prestarán xuramento ou promesa de acatamento á Constitución española e ao resto do ordenamento xurídico, e de fiel cumprimento das obrigas e normas deontolóxicas da profesión de avogado.
2. O xuramento ou promesa será prestado ante a Xunta de Goberno na forma que a propia xunta estableza.
3. A xunta poderá autorizar que o xuramento ou promesa se formalice inicialmente por escrito, con compromiso da súa posterior ratificación pública. En todo caso, deberase deixar constancia no expediente persoal do colexiado da prestación do dito xuramento ou promesa.

Artigo 19

Non se necesitará incorporación ao colexio para a defensa de asuntos propios de parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou segundo de afinidade, sempre que o interesado reúna os requisitos establecidos polo artigo 13.1, parágrafos a), b) e c) do



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Estatuto xeral da avogacía, así como aqueles que poidan establecer as normas vixentes. Os que se encontren neste caso serán habilitados polo decano para a intervención que solicite. Tal habilitación supón para quen a recibe, aínda que só en relación co asunto ou asuntos a que alcanza, o goce de todos os dereitos concedidos en xeral aos avogados e a asunción das correlativas obrigas.

Artigo 20

1. O avogado poderá exercer a súa profesión ante calquera clase de tribunais, órganos administrativos, asociacións, corporacións e entidades públicas de calquera clase, sen prexuízo de podelo facer tamén ante calquera entidade ou persoa privada cando o requiriran o seus servizos.
2. O avogado poderá exercer a representación do cliente cando non estea reservada por lei a outras profesións.

Artigo 21

A incorporación ou comunicación de actuación profesional acredita o avogado como tal, sen que sexa necesaria ningunha designación ou nomeamento do Poder xudicial ou da Administración pública.

Artigo 22

1. Todo avogado incorporado a calquera colexio de avogados de España poderá prestar os seus servizos profesionais libremente no ámbito territorial deste colexio. Igual dereito terán os avogados doutros países conforme á normativa vixente para o efecto.
2. Nas actuacións profesionais que un letrado non incorporado a este colexio leve a cabo no seu ámbito territorial, estará suxeito ás súas normas de actuación, deontoloxía e réxime disciplinario. Este Colexio de Avogados protexerá a súa liberdade e independencia na defensa e será competente para a tramitación e resolución dos expedientes disciplinarios a que houber lugar, sen prexuízo de que a eventual sanción produza efectos en todos os colexios de España conforme o art. 89.2 do Estatuto xeral da avogacía.
3. A actuación profesional no ámbito territorial de calquera outro colexio rexerese polo disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 17 do Estatuto xeral da avogacía.

Artigo 23

1. O secretario do colexio remitiralles anualmente a lista dos avogados exercentes



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

incorporados a este, a todos os xulgados e tribunais do seu ámbito territorial, así como aos centros penais e de detención, lista que se actualizará periodicamente coas altas e baixas. Aos avogados que figuren nas ditas listas non poderá esixírselles outro comprobante para o exercicio da súa profesión. A remisión da indicada lista poderá substituírse dándolles acceso directo a esta a tales órganos mediante sistemas telemáticos ou informáticos, salvagardando as garantías relativas á protección de datos de carácter persoal.

2. O secretario ou persoa en quen delegue poderá comprobar que os avogados que interveñan nas oficinas e actuacións xudiciais figuren incorporados como exercentes neste colexio ou noutro de España, ou que, pese a non estalo, fosen habilitados conforme o artigo 19 destes estatutos.

3. Os avogados deberán consignar en todas as súas actuacións o colexio en que estivesen incorporados, o número de colexiado e, de ser o caso, a data da comunicación ou habilitación.

Artigo 24

A condición de colexiado perderase:

- a) Por falecemento.
- b) Por baixa voluntaria.
- c) Por falta de pagamento das cotas ordinarias ou extraordinarias e das demais cargas colexiais a que viñeren obrigados. Non obstante, o non-pagamento das cotas da Mutualidade Xeral da Avogacía, Mutualidade de Previsión Social a prima fixa, non dará lugar á inmediata perda da condición de colexiado, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que corresponda.
- d) Por condena firme que leve consigo a pena principal ou accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.
- e) Por sanción firme de expulsión do colexio, acordada en expediente disciplinario.

Artigo 25

A perda da condición de colexiado será acordada pola Xunta de Goberno en resolución motivada e, unha vez firme, seralle comunicada ao Consello Xeral da Avogacía e ao Consello da Avogacía Galega.

A Xunta de Goberno acordará o pase á situación de non exercente daqueles avogados en quen conorra algunha das circunstancias determinantes de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio, mentres aquela subsista, sen prexuízo de que, se



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

houbese lugar, resolva o que proceda en vía disciplinaria e con independencia da situación colexial final en que deba quedar quen resulte incapaz para exercer a avogacía.

Artigo 26

No caso do parágrafo c) do artigo 24, os colexiados poderán rehabilitar os seus dereitos pagando o adebedado, os seus intereses ao tipo legal e a cantidade que corresponda como nova incorporación.

Sección terceira

Prohibicións, incompatibilidades e restricións especiais

Artigo 27

Os avogados teñen as seguintes prohibicións, cuxa infracción se sancionará disciplinariamente:

- a) Exercer a avogacía se están incurso en causa de incompatibilidade, así como prestar a súa sinatura a quen, por calquera causa, non poida exercer como avogado.
- b) Compartir locais ou servizos incompatibles, se iso lle afectase á salvagarda do segredo profesional.
- c) Manter vínculos asociativos de carácter profesional que impidan o correcto exercicio da avogacía, atendendo a este respecto ao previsto nestes estatutos e, singularmente, ao seu artigo 28.3.

Artigo 28

1. O exercicio da avogacía é incompatible con calquera actividade que poida supoñer menosprezo da liberdade, a independencia ou a dignidade que lle son inherentes.

Así mesmo, o avogado que realice ao mesmo tempo calquera outra actividade deberá absterse de realizar aquela que resulte incompatible co correcto exercicio da avogacía, por supoñer un conflito de intereses que impida respectar os principios do correcto exercicio contidos nestes estatutos.

2. En especial, o exercicio da avogacía será absolutamente incompatible con:

- a) O desempeño, en calquera concepto, de cargos, funcións ou empregos públicos no Estado e en calquera das administracións públicas, sexan estatais, autonómicas, locais ou institucionais, con normativa reguladora propia que así o especifique.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

b) O exercicio da profesión de procurador, graduado social, axente de negocios, xestor administrativo e calquera outra con normativa reguladora propia que así o especifique.

c) O mantemento de vínculos profesionais con cargos ou profesionais incompatibles coa avogacía que impidan o correcto exercicio dela.

3. En todo caso, o avogado non poderá realizar actividade de auditoría de contas ou outras que sexan incompatibles co correcto exercicio da avogacía simultaneamente para o mesmo cliente ou para quen o fose nos tres anos precedentes.

Non se entenderá incompatible esta prestación de ser realizada por persoas xurídicas distintas e con consellos de administración diferentes.

Artigo 29

1. O avogado a quen lle afecte algunha das causas de incompatibilidade establecidas no artigo anterior deberá comunicarllo sen escusa á Xunta de Goberno e cesar inmediatamente na situación de incompatibilidade, entendéndose que renuncia ao exercicio profesional se non o manifesta por escrito no prazo de trinta días, co que automaticamente será dado de baixa nel.

2. A infracción do dito deber de cesar na situación de incompatibilidade, así como o seu exercicio con infracción das incompatibilidades establecidas no artigo anterior, directamente ou por persoa interposta, constituirán infracción moi grave, sen prexuízo das demais responsabilidades que correspondan.

Artigo 30

1. Tamén é incompatible o exercicio da avogacía coa intervención ante aqueles organismos xurisdicionais en que figuren como funcionarios ou contratados o cónxuxe, o convivinte permanente con análoga relación de afectividade ou os parentes do avogado, dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

2. O avogado a quen lle afecte tal incompatibilidade deberá absterse da defensa que en tales asuntos lle poida ser encomendada. A dita obriga de abstención enténdese sen prexuízo do dereito de recusación que poida asistir o litigante contrario.

Sección cuarta

Publicidade

Artigo 31

O avogado poderá realizar publicidade dos seus servizos, que sexa digna, leal e veraz,



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

con absoluto respecto á dignidade das persoas, á lexislación sobre publicidade, sobre a defensa da competencia e a competencia desleal, e axustarase, en calquera caso, ao establecido no artigo 25 do Estatuto xeral da avogacía e normas deontolóxicas.

Sección quinta

Venia e substitucións

Artigo 32

Os avogados terán plena liberdade de aceptar ou rexeitar a dirección do asunto, así como de renunciar a el en calquera fase do procedemento, sempre que non se lle produza indefensión ao cliente.

Artigo 33

1. Os avogados que deban encargarse da dirección profesional dun asunto encomendado a outro compañeiro na mesma instancia deberán solicitar a súa venia, salvo que exista renuncia escrita e incondicionada a proseguir a súa intervención por parte do anterior letrado, e en todo caso, obter del a información necesaria para continuar o asunto.
2. A venia, agás caso de urxencia que se xustificará, deberá ser solicitada con carácter previo e por escrito, sen que o letrado requirido poida denegala e coa obriga pola súa parte de devolver a documentación no seu poder e facilitarlle ao novo letrado a información necesaria para continuar a defensa.
3. O letrado substituído terá dereito a reclamar os honorarios que lle correspondan á súa intervención profesional e o substituto terá o deber de colaborar diligentemente na xestión do seu pagamento.

Sección sexta

Exercicio individual, colectivo e multiprofesional

Artigo 34

1. O exercicio individual da avogacía poderá desenvolverse por conta propia, como titular dun despacho, ou por conta allea, como colaborador dun despacho individual ou colectivo de acordo co disposto no artigo 27 do Estatuto xeral da avogacía.
2. Os avogados poderán exercer a avogacía colectivamente e asociarse en réxime de colaboración multiprofesional coas condicións previstas nos artigos 28 e 29 do



Estatuto xeral da avogacía.

CAPITULO III

Dereitos e deberes dos avogados

Sección primeira

De carácter xeral

Artigo 35

O deber fundamental do avogado, como partícipe na función pública da Administración de Xustiza, é cooperar a prol dela asesorando, conciliando e defendendo en dereito os intereses que lle sexan confiados. En ningún caso a tutela de tales intereses pode xustificar a desviación do fin supremo de Xustiza ao que a avogacía está vinculada.

Artigo 36

Son tamén deberes xerais do avogado:

- a) Cumprir as normas legais, estatutarias e deontolóxicas, así como os acordos dos diferentes órganos corporativos.
- b) Manter despacho profesional aberto, propio, alleo ou de empresa, no territorio do colexio en cuxo ámbito estea incorporado e exerza habitualmente a súa profesión.
- c) Comunicarlle ao colexio o seu domicilio e os eventuais cambios del.

Artigo 37

1. De conformidade co establecido polo artigo 437.2 da Lei orgánica do poder xudicial, os avogados deberán gardar segredo de todos os feitos ou noticias que coñezan por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional, e non poden ser obrigados a declarar sobre eles.

2. No caso de que o decano, ou quen estatutariamente o substitúa, fose requirido en virtude de norma legal ou avisado pola autoridade xudicial, ou se é o caso, gobernativa, competente para a práctica dun rexistro no despacho profesional dun avogado, deberá presentarse no dito despacho e asistir ás dilixencias que nel se practiquen, e velará pola salvagarda do segredo profesional.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 38

O avogado ten dereito a todas as consideracións honoríficas debidas á súa profesión e tradicionalmente recoñecidas a ela.

Artigo 39

1. O avogado, no cumprimento da súa misión, actuará con toda liberdade e independencia, sen outras limitacións que as impostas pola lei e polas normas éticas e deontolóxicas.
2. O deber de defensa xurídica que se lles confía aos avogados é tamén un dereito para eles polo que, ademais de facer uso de cantos remedios ou recursos establece a normativa vixente, poderán reclamar, tanto das autoridades como dos colexios e dos particulares, todas as medidas de axuda na súa función que lles sexan legalmente debidas.
3. Se o letrado entendese que non se lle garda o debido respecto á súa misión, liberdade e independencia, poderá comunicarllo ao xuíz ou tribunal para que poña o remedio adecuado.

Sección segunda

En relación co colexio e cos demais colexiados

Artigo 40

Son deberes dos colexiados:

- a) Estar ao corrente no pagamento das súas cotas, ordinarias ou extraordinarias, e levantar as demais cargas colexiais, calquera que sexa a súa natureza, na forma e prazos que se establezan para o efecto. Considéranse cargas corporativas todas as impostas polo colexio, o Consello da Avogacía Galega, ou o Consello Xeral da Avogacía, así como as correspondentes á Mutualidade Xeral da Avogacía, Mutualidade de Previsión Social a prima fixa.
- b) Denunciar no colexio todo acto de intrusión que chegue ao seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal, sexa por falta de colexiación, sexa por suspensión ou inhabilitación do denunciado, ou por estar incurso en supostos de incompatibilidade ou prohibición. Así como aqueles supostos de falta de comunicación da actuación profesional.
- c) Denunciar no colexio calquera atentado á liberdade, independencia ou dignidade dun avogado no exercicio das súas funcións.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

d) Non intentar a implicación do avogado contrario no litixio ou intereses debatidos, nin directa nin indirectamente, e evitar incluso calquera alusión persoal ao compañeiro e tratándoo sempre coa maior corrección.

e) Manter como materia reservada as conversacións e correspondencia habidas co avogado ou avogados contrarios, con prohibición de revelalos ou presentalos en xuízo sen o seu consentimento previo. Non obstante, por causa grave, a Xunta de Goberno do Colexio poderá discrecionalmente autorizar a súa revelación ou presentación en xuízo sen o dito consentimento previo.

Artigo 41

Son dereitos dos colexiados:

a) Participar na xestión corporativa e, por tanto, exercer os dereitos de petición, de voto e de acceso aos cargos directivos, na forma que establezan as normas legais ou estatutarias.

b) Solicitar e obter de todos os órganos corporativos a protección da súa independencia e lícita liberdade de actuación profesional.

Sección terceira

En relación cos tribunais

Artigo 42

Son obrigas do avogado para cos órganos xurisdicionais a probidade, lealdade e veracidade en cuanto ao fondo das súas declaracións ou manifestacións, e o respecto en canto á forma da súa intervención.

Artigo 43

1. Os avogados comparecerán ante os tribunais vestindo toga e, potestativamente, bonete, sen distintivo de ningunha clase, salvo o colexial, e adecuarán a súa indumentaria á dignidade e prestixio da toga que visten e ao respecto á xustiza.

2. Os avogados non estarán obrigados a descubrirse máis ca á entrada e á saída das salas a que concorran para as vistas e no momento de solicitar a venia para informar.

Artigo 44

1. Os avogados terán dereito a intervir ante os tribunais de calquera xurisdición sentados dentro do estrado, ao mesmo nivel en que se encontre instalado o tribunal



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

ante quen actúe, e terán diante de si unha mesa e situaranse ás bandas do tribunal de modo que non lles dean as costas ao público, sempre con igualdade de trato que o Ministerio Fiscal ou a Avogacía do Estado.

2. O letrado actuante poderá ser auxiliado ou substituído no acto da vista ou xuízo ou en calquera outra dilixencia xudicial por un compañeiro en exercicio, incorporado ou cando cuxa actuación fose debidamente comunicada ao colexio. Para a substitución abundará a declaración do avogado substituto, baixo a súa propia responsabilidade.

3. Os avogados que estean procesados ou encartados e se defendan a si mesmos ou colaboren co seu defensor usarán toga e ocuparán o sitio establecido para os letrados.

Artigo 45

1. Nos tribunais designarase un sitio separado do público, coas mesmas condicións do indicado para os avogados actuantes, co fin de que poidan ocupalo os demais letrados que, vestindo toga, queiran presenciar os xuízos e vistas públicas.

2. Nas sedes de xulgados e tribunais procurarase a existencia de dependencias dignas e suficientes para uso exclusivo dos avogados no desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 46

Os avogados esperarán un tempo prudencial sobre a hora indicada polos órganos xudiciais para as actuacións en que vaian intervir, transcorrido o cal poderán formular a pertinente queixa perante o mesmo órgano e informar do atraso á Xunta de Goberno para que poida adoptar as iniciativas pertinentes.

Artigo 47

Se o avogado actuante considerase que a autoridade, tribunal ou xulgado coarta a independencia e liberdade necesarias para cumprir os seus deberes profesionais, ou que non se lle gardase a consideración debida á súa profesión, poderá facelo constar así ante o propio xulgado ou tribunal baixo a fe do secretario e darlle conta á Xunta de Goberno. A dita Xunta, se estimase fundada a queixa, adoptará as medidas oportunas para amparar a liberdade, independencia e prestixio profesionais.

Sección cuarta

En relación coas partes

Artigo 48

1. Son obrigas do avogado para coa parte por el defendida, ademais das que se deriven



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

das súas relacións contractuais, o cumprimento da misión de defensa que lle sexa encomendada co máximo celo e dilixencia e gardando o segredo profesional.

2. O avogado realizará dilixentemente as actividades profesionais que lle impoña a defensa do asunto encomendado, aténdose ás esixencias técnicas, deontolóxicas e éticas adecuadas á tutela xurídica do dito e co auxilio dos seus colaboradores e outros compañeiros, que actuarán baixo responsabilidade daquel.

3. En todo caso, o avogado deberá identificarse ante a persoa á que asesore ou defenda, incluso cando o fixese por conta dun terceiro, co fin de asumir as responsabilidades civís, penais e deontolóxicas que, se é o caso, correspondan.

Artigo 49

Son obrigas do avogado para coa parte contraria o trato considerado e cortés, así como a abstención ou omisión de calquera acto que determine unha lesión inxusta para ela.

Sección quinta

En relación cos honorarios profesionais

Artigo 50

1. O avogado ten dereito a unha compensación económica adecuada polos servizos prestados, así como ao reintegro dos gastos que se lle teñan causado. A contía dos honorarios será libremente convida entre o cliente e o avogado, con respecto ás normas deontolóxicas e sobre competencia desleal. A falta de pacto expreso en contrario, para a fixación dos honorarios poderanse ter en conta, como referencia, os baremos orientadores aprobados polo Consello da Avogacía Galega, que, en todo caso, terán carácter supletorio do convido e que se aplicarán nos casos de condena ás custas á parte contraria.

2. A dita compensación económica poderá asumir a forma de retribución fixa, periódica ou por horas. Respecto das custas recobradas de terceiros estarase ao que libremente acorden as partes, que á falta de pacto expreso deberán serlle aboadas efectivamente ao avogado.

3. Prohíbese en todo caso a *cota litis* en sentido estrito, entendéndose por tal o acordo entre o avogado e o seu cliente, previo á terminación do asunto, en virtude do cal este comprométese a pagarlle unicamente unha porcentaxe do resultado do asunto, independentemente de que consista nunha suma de diñeiro ou calquera outro beneficio, ben ou valor que consiga o cliente por ese asunto.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

4. A Xunta de Goberno do Colexio poderá adoptar medidas disciplinarias contra os letrados que habitual e temerariamente impugnen as minutas dos seus compañeiros, así como contra os letrados con honorarios que sexan declarados reiteradamente excesivos ou indebidos.

Sección sexta

En relación coa asistencia xurídica gratuíta

Artigo 51

1. Correspóndelles aos avogados o asesoramento xurídico e defensa de oficio das persoas que teñan dereito á asistencia xurídica gratuíta, conforme á lexislación vixente.
2. Así mesmo, correspóndelles aos avogados a asistencia e a defensa dos que soliciten avogado de oficio ou non designen avogado na xurisdición penal, sen prexuízo do aboamento de honorarios polo cliente se non lle fose recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta. A invocación do dereito de autodefensa non impedirá a asistencia de avogado para atender os asesoramentos que ao respecto se lle soliciten e asumir a defensa que se lle pida.
3. Igualmente correspóndelles aos avogados a asistencia aos detidos e presos, nos termos que exprese a lexislación vixente.

Artigo 52

1. Os avogados desempeñarán as funcións a que se refire o artigo precedente coa liberdade e independencia profesionais que lles son propias e conforme ás normas éticas e deontolóxicas que rexen a profesión.
2. O desenvolvemento das ditas funcións será organizado polo Consello da Avogacía Galega e os colexios de avogados, que procederán á designación do avogado que deba asumir cada asunto, ao control do seu desempeño, á esixencia das responsabilidades disciplinarias a que houbese lugar e ao establecemento das normas e requisitos a que deba atermarse a prestación dos servizos correspondentes, todo isto conforme á lexislación vixente.
3. A Administración pública aboará a remuneración dos servizos que se presten en cumprimento do establecido neste capítulo e poderá efectuar o seguimento e control periódico do funcionamento do servizo e da aplicación dos fondos públicos a el destinados, na forma legalmente establecida.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

TÍTULO II DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO COLEXIO

CAPÍTULO I

Dos órganos do Colexio

Artigo 53

1. O goberno do colexio estará presidido polos principios de democracia e autonomía.
2. O Colexio de Avogados será rexido polo decano, a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral.

CAPÍTULO II

Do decano e da Xunta de Goberno

Artigo 54

1. Corresponderalle ao decano a representación legal do colexio en todas as súas relacións, incluídas as que manteña cos poderes públicos, entidades, corporacións e personalidades de calquera orde; as funcións de consello, vixilancia e corrección que os estatutos lle reserven á súa autoridade; a presidencia de todos os órganos colexiados, así como a cantas comisións e comités especiais asista, e dirixirá os debates e votacións, con voto de calidade no caso de empate; a expedición das ordes de pagamento e libramentos para atender os gastos e investimentos colexiais, e a proposta dos avogados que deban formar parte de tribunais de oposicións ou concursos, a excepción daquelas propostas que por disposición legal lle corresponda realizar ao Consello Xeral da Avogacía.
2. Esforzarase en manter con todos os compañeiros unha relación asidua de amparo e consello, e procurarase que a súa actuación constituía unha alta tutela moral, de sorte que a súa rectitude e afecto poñan de manifesto a dignidade substancial da avogacía.

Artigo 55

Son atribucións da Xunta de Goberno:

- a) Someter a referendo asuntos concretos de interese colexial, por sufraxio secreto e



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

na forma que a propia Xunta estableza.

b) Resolver sobre a admisión dos licenciados en dereito que soliciten incorporarse ao colexio, facultade que pode exercer o decano, en casos de urxencia, que serán sometidos á ratificación da Xunta de Goberno.

c) Velar por que os colexiados observen boa conduta nas relacións cos tribunais, cos seus compañeiros e cos seus clientes, e que no desempeño da súa función despreguen a necesaria dilixencia e competencia profesional.

d) Exercer as accións e as actuacións oportunas para impedir e perseguir a intrusión, así como o exercicio da profesión a quen, colexiados ou non, a exercesen en forma e baixo condicións contrarias ás legalmente establecidas, sen excluír ás persoas, naturais ou xurídicas, que faciliten o exercicio profesional irregular.

e) Regular, nos termos legalmente establecidos, o funcionamento e a designación para prestar os servizos de asistencia xurídica gratuíta.

f) Determinar as cotas de incorporación e as ordinarias que deban satisfacer os colexiados para o sostemento das cargas e servizos colexiais.

g) Propoñerlle á Xunta Xeral a imposición de cotas extraordinarias aos seus colexiados.

h) Recadar o importe das cotas e das pólizas establecidas para o sostemento das cargas do colexio, do Consello da Avogacía Galega, do Consello Xeral da Avogacía e da Mutualidade Xeral da Avogacía, Mutualidade de Previsión Social de prima fixa, así como dos demais recursos económicos dos colexios previstos no Estatuto xeral.

i) Propoñerlle á Xunta Xeral o establecemento de baremos orientadores de honorarios profesionais e emitir informes sobre honorarios aplicables cando os tribunais pidan o seu ditame con suxeición ao que dispoñen as leis ou cando o soliciten os colexiados que fan minutas.

j) Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno e dispoñer o necesario para a súa elección, conforme as normas legais e estatutarias.

k) Convocar xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, e determinar a orde do día para cada unha.

l) Exercer as facultades disciplinarias respecto dos colexiados.

m) Propoñerlle á aprobación da Xunta Xeral os regulamentos de orde interior que estime conveniente.

n) Establecer, crear ou aprobar as delegacións, agrupacións, comisións ou seccións de colexiados que poidan interesar para os fins da corporación, regular o seu



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

funcionamento e fixar as facultades que, se é o caso, lle deleguen.

ñ) Velar por que, no exercicio profesional, se observen as condicións de dignidade e prestixio que lle corresponden ao avogado, así como propiciar a harmonía e colaboración entre os colexiados, e impedir a competencia desleal, conforme á legalidade vixente.

o) Informar os colexiados con prontitude de cantas cuestións coñeza que poidan afectalos, xa sexan de índole corporativa, colexial, profesional ou cultural.

p) Defender os colexiados no desempeño das funcións da profesión, ou con ocasión delas, cando o estime procedente e xusto.

q) Promover preto do Goberno e das autoridades canto se considere beneficioso para o interese común e para a recta e pronta administración de xustiza.

r) Exercer os dereitos e accións que lle correspondan ao colexio e, en particular, contra os que pexen o bo funcionamento da Administración de Xustiza ou a liberdade e independencia do exercicio profesional.

s) Recadar, distribuír e administrar os fondos do colexio; redactar os orzamentos, render as contas anuais, e propoñerlle á Xunta Xeral o investimento ou disposición do patrimonio colexial, de se tratar de inmobles.

t) Emitir consultas e ditames, administrar arbitraxes e ditar laudos arbitrais, así como crear e manter tribunais de arbitraje.

u) Contratar os servizos dun secretario técnico, director letrado ou xerente, e os empregados administrativos, auxiliares e subalternos que sexan necesarios para a boa marcha da corporación, a teor dos principios de mérito, capacidade, igualdade e publicidade.

v) Dirixir, coordinar, programar e controlar a actividade dos departamentos e servizos colexiais.

w) Desempeñar todas as funcións e exercer todas as facultades expresadas respecto do Consello Xeral da Avogacía baixo os parágrafos x) e y) do artigo 68 do Estatuto xeral, salvo adquirir, hipotecar e allear bens inmobles, o que requirirá acordo da Xunta Xeral ou Asemblea Colexial, se é o caso.

Artigo 56

1. A Xunta de Goberno estará constituída polo decano, o secretario, que o será tamén da corporación, un tesoureiro, un bibliotecario, un contador e catro vocais, que se designarán co nome de deputados, seguidos cada un do ordinal correspondente, con



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

atribucións ou competencias concretas que serán fixadas pola propia Xunta de Goberno, en tanto non estean previstas nos presentes estatutos.

2. A Xunta de Goberno poderá crear as comisións que estime convenientes, que deberán en todo caso ser presididas polo decano ou membro da xunta en quen delegue, que se reunirán coa periodicidade que para o efecto se estableza.

3. Poderá así mesmo acordar a delegación da sinatura do secretario, en cuestións non substanciais, noutro compoñente da Xunta.

Artigo 57

1. Correspóndelle á Xunta de Goberno aprobar a constitución, suspensión ou disolución das agrupacións de avogados xoves, ou calquera outra que poida constituírse no seo do colexio, así como os seus estatutos e as súas modificacións.

2. As agrupacións de avogados que estean constituídas ou que se constituán en cada colexio actuarán subordinadas á Xunta de Goberno.

3. As actuacións e comunicacións das comisións, seccións e agrupacións existentes no seo do

Artigo 58

1. A Xunta de Goberno reunirse ordinariamente, como mínimo, unha vez ao mes, excluído ou de agosto, sen prexuízo de facelo con máis frecuencia cando o requira a importancia ou abundancia dos asuntos, e cando o solicite o decano ou unha cuarta parte dos seus membros.

2. A convocatoria será feita polo secretario, co mandato previo do decano, con tres días de antelación, polo menos. Formularase por escrito e irá xuntamente coa orde do día correspondente, e non poderán tratarse outros asuntos salvo os que o decano considere de urxencia.

3. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes e o decano terá voto de calidade.

Artigo 59

O deputado primeiro ou vicedecano levará a cabo todas aquelas funcións que lle confira o decano, e asumirá as deste para o caso de ausencia, enfermidade, abstención, recusación ou vacante.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 60

Correspóndenlle ao secretario as funcións seguintes:

- 1) Redactar e dirixir os oficios de citación para todos os actos do colexio, segundo as instrucións que reciba do decano e coa anticipación debida.
- 2) Redactar as actas das Xuntas Xerais e as que realice a Xunta de Goberno.
 - 3) Levar os libros que obrigatoriamente se establecen nestes estatutos e aqueles que resulten necesarios para o mellor funcionamento do colexio.
- 4) Recibir e darlle conta ao decano de todas as solicitudes e comunicacións que se lle remitan ao colexio.
- 6) Organizar e dirixir as oficinas e deter a Xefatura de Persoal.
- 7) Levar un rexistro no que, por orde alfabética dos apelidos dos colexiados, se consigne o historial destes dentro do colexio.
- 8) Revisar cada ano as listas dos avogados do colexio, expresando a súa antigüidade e domicilio.
- 9) Ter ao seu cargo a custodia do arquivo e selo do colexio.

Artigo 61

Corresponderalle ao tesoreiro:

- 1) Materializar a recadación e custodiar os fondos do colexio.
- 2) Pagar os libramentos que expida o decano.
- 3) Informar periodicamente a Xunta de Goberno da contabilidade e marcha do orzamento; e formalizar anualmente as contas do exercicio vencido.
- 4) Redactar orzamentos anuais que a Xunta de Goberno deba presentar para a aprobación da Xunta Xeral.
- 5) Ingresar e retirar fondos das contas bancarias.
- 6) Levar inventario minucioso dos bens do colexio, dos que será administrador.
- 7) Controlar a contabilidade e verificar a caixa.
- 8) Cobrar os xuros e rendas do capital do colexio.

Artigo 62

O bibliotecario terá as funcións seguintes:



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

- 1) Velar polo bo funcionamento da biblioteca.
- 2) Formar e levar catálogos de obras.
- 3) Propoñer a adquisición das que considere procedentes para os fins corporativos.

Artigo 63

Ao contador correspóndelle intervir as operacións da tesourería.

Artigo 64

Os deputados actuarán como vocais da xunta e as súas concretas atribucións ou competencias serán fixadas pola propia Xunta de Goberno. Os seus cargos serán numerados coa finalidade de substituír por orde de categoría ao decano en caso de ausencia, enfermidade, abstención ou recusación ou vacante.

Cando, por calquera motivo, quedase vacante, definitiva ou temporalmente, o cargo de secretario, tesoureiro, bibliotecario ou contador, serán substituídos polos deputados, e empezarse polo último, salvo un acordo previo da Xunta de Goberno, que atenda as circunstancias do caso.

Sección segunda

Da elección

Artigo 65

1. O decano e os demais cargos da Xunta de Goberno serán elixidos en votación directa e secreta, na que poderán participar como electores todos os colexiados incorporados con máis de tres meses de antelación á data da convocatoria das eleccións e como elixibles, para o cargo de decano os

colexiados exercentes e para os demais cargos os electores residentes no ámbito territorial do colexio, sempre que non estean incurso nalgunha das seguintes situacións:

- a) Estar condenados por sentenza firme que leve aparelada a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos, en tanto estas subsistan.
- b) Estar disciplinariamente sancionados en calquera colexio de avogados, mentres non sexan rehabilitados.
- c) Ser membros de órganos reitores doutro colexio profesional.

2. Ningún colexiado poderá presentarse como candidato para máis dun cargo dos que



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

vaian ser elixidos na mesma convocatoria.

Artigo 66

1. O período do mandato dos membros da Xunta de Goberno será de catro anos e poderán ser reelixidos, aínda que por unha soa vez para o cargo que tivesen no momento de celebrarse as eleccións.
2. A renovación da Xunta de Goberno farase cada catro anos, e as eleccións deberán celebrarse, cando corresponda, dentro do segundo trimestre do ano.
3. Os que fosen designados para substituír a aqueles que non esgotasen o prazo do seu mandato, ocuparán o cargo durante o tempo estatutario que lles faltase aos substituídos, pero poderán ser reelixidos na convocatoria ordinaria de cargos. Non obstante, a xunta, por mor de oportunidade, poderá demorar a elección para prover algún cargo vacante, facéndoa coincidir coa referida convocatoria ordinaria.

Artigo 67

Cando por calquera causa queden vacantes a metade ou máis dos cargos da Xunta de Goberno, procederase conforme ao que establece o artigo 52 do Estatuto xeral da avogacía.

Artigo 68

Os trámites do proceso ata a celebración do acto electoral serán os seguintes:

- Primeiro. A convocatoria será acordada pola Xunta de Goberno con sesenta días de antelación como mínimo ao da data da celebración da elección.
- Segundo. Dentro dos cinco días seguintes, a Secretaría cumprirá os seguintes particulares:
 - 1) Inserirá no taboleiro de anuncios do colexio e comunicará por carta a convocatoria electoral, na que deberán constar os seguintes extremos:
 - a) Cargos que han ser obxecto de elección e requisitos para poder aspirar a cada un deles.
 - b) Lugar, día de celebración e hora de apertura e cerramento das urnas.
 - 2) Exporá no taboleiro de anuncios as listas de colexiados exercentes e non exercentes con dereito a voto.
- Terceiro. Os colexiados poderán formular reclamacións contra as listas de electores dentro do prazo dos cinco días seguintes á súa exposición. Tales reclamacións serán



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

resoltas pola Xunta de Goberno no prazo de tres días, seguintes ao da expiración do prazo para formulalas.

- Cuarto. As candidaturas deberán presentarse na Secretaría do Colexio con, polo menos, vinte días de antelación á data sinalada para o acto electoral.

As ditas candidaturas poderán ser conxuntas para varios cargos, ou individuais para cargos determinados, e deberán ser subscritas exclusivamente polos propios candidatos.

- Quinto. A Xunta de Goberno, ao día seguinte da finalización do prazo para a presentación de candidaturas, proclamará candidatos a quen reúna os requisitos legais esixibles, e consideraranse electos os que non teñan opoñentes.

Seguidamente anunciarase no taboleiro de anuncios e comunicarllo aos interesados; sen prexuízo de que o colexio poida remitir tamén comunicacións individuais aos seus membros.

A exclusión de candidatos ou candidaturas deberá realizarse motivadamente e notificaráselles aos interesados.

Contra a dita exclusión poderase presentar recurso ante a Xunta de Goberno no prazo de dous días, e tal recurso deberá resolverse no mesmo prazo.

- Sexto. O voto dos avogados exercentes terá dobre valor que o voto dos demais colexiados.

- Sétimo. Os prazos expresados en días entenderanse referidos a días naturais, pero os que conclúan en sábado, domingo ou festivo, quedarán prorrogados ata as catorce horas do día seguinte.

Artigo 69

1. Para a celebración da elección constituirase a mesa electoral que estará integrada polo decano como presidente, ou por un membro da Xunta que o substitúa no dito acto, auxiliado, como mínimo, por dous membros máis da propia Xunta, como vocais; o máis moderno destes actuará como secretario, de non formar parte o titular da Mesa.

2. Cada candidato poderá, pola súa parte, designar entre os colexiados un ou varios interventores no proceso electoral.

3. Na mesa electoral deberá haber urnas separadas para o depósito dos votos dos colexiados exercentes e non exercentes. As urnas deberán estar cerradas, e deixarán unicamente unha abertura para depositar os votos.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

4. Constituída a mesa electoral, o presidente ordenará o comezo da votación, e, á hora prevista para a súa finalización, cerraranse as portas e só poderán votar os colexiados que xa estivesen na sala. A mesa votará en último lugar.

5. A elección terá para o seu desenvolvemento un tempo mínimo de catro horas e máximo de seis, salvo que a xunta ao convocar a elección indique un prazo maior.

6. As papeletas de voto deberán ser brancas, do mesmo tamaño, que o colexio deberá editar, e deberán levar impresos por unha soa cara, correlativamente, os cargos que son obxecto de elección.

Na sede en que se celebre a elección deberá dispoñer a xunta de suficiente número de papeletas cos nomes dos candidatos en branco.

7. Os candidatos poderán pola súa parte confeccionar papeletas, que deberán ser exactamente iguais ás editadas polo colexio.

8. O voto poderá ser emitido persoalmente ou por correo certificado. O voto persoal anulará o voto emitido por correo.

Artigo 70

Os votantes deberán acreditarlle á mesa electoral a súa identidade. A mesa comprovará a súa inclusión no censo, o seu presidente pronunciará en voz alta o nome e apelidos do votante, indicando que vota, tras o que o propio presidente introducirá a papeleta dobrada na urna correspondente.

Artigo 71

Os colexiados poderán emitir o seu voto por correo, de acordo coas seguintes normas:

1. Desde a proclamación das candidaturas e ata dez días antes da data do acto electoral, os colexiados que desexen votar por correo deberán solicitar, persoalmente ou por escrito dirixido á Secretaría do colexio, por correo certificado ou fax, coa súa sinatura e coa acreditación da súa

identidade mediante a presentación de fotocopia do DNI ou carné colexial, unha certificación que acredite a súa inclusión no censo electoral.

2. A Secretaría do colexio entregarálle ao colexiado/a, persoalmente ou por correo certificado, a certificación solicitada xunto coa relación de candidaturas presentadas, as papeletas en branco e un sobre de votación.

3. A emisión do voto deberase efectuar da seguinte forma:

a) O votante introducirá a papeleta de votación debidamente cuberta no sobre



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

normalizado.

b) O dito sobre será cerrado e, pola súa vez, introducido noutro sobre no que se inserirá a certificación de inclusión no censo electoral e a fotocopia do DNI ou do carné de Colexiado/a.

c) Este segundo sobre, co contido antes mencionado, enviaráselle por correo certificado ao secretario do Colexio, coa expresión clara do remitente e número de Colexiado e coa indicación no anverso: “Para as eleccións do Colexio de Avogados de Ferrol que se celebrarán o día...”.

d) O secretario custodiará o sobre sen abrir ata o momento da elección en que llo entregará ao presidente da mesa electoral.

4. Soamente se computarán os votos emitidos por correo que cumpran os requisitos anteriormente expostos. Admitiranse os sobres que lle cheguen ao Colexio ata o momento de se iniciar o escrutinio, e conservaranse en Secretaría sen abrir os que se reciban con posterioridade, nos que se inserirá unha dilixencia que faga constar o día e hora de recepción.

Artigo 72

1. Logo de finalizar a votación, o presidente introducirá na urna correspondente as papeletas recibidas por correo e a continuación procederase ao escrutinio, leranse en alta voz todas as papeletas, e ao termo del a Presidencia anunciará o seu resultado e proclamaranse electos os candidatos que obtivesen para o cargo o maior número de votos, consignarase na acta o seu resultado numérico, que asinarán os seus integrantes, baixo a fe do secretario da mesa electoral. Na mesma acta consignarase as eventuais incidencias que se producisen durante a votación, así como as reclamacións ou consideracións que os membros da mesa estimasen convenientes sobre o proceso electoral, que non prexulgarán sobre a súa validez.

2. Para o caso de empate resultará elixido o candidato que obtivese máis votos dos Colexiados exercentes e, de persistir o empate, o elixido será o de maior tempo de exercicio neste Colexio.

3. Deberán ser declarados nulos totalmente aqueles votos que conteñan expresións alleas ao estrito contido da votación ou que conteñan chatas ou raspaduras; e, parcialmente, en canto ao cargo ao que lle afecten, as que indiquen máis dun candidato para un mesmo cargo, ou nomes de persoas que non concorran á elección.

Aquelas papeletas que se encontren só parcialmente cubertas en canto ao número de candidatos, pero que reúnan os requisitos esixidos para a súa validez, serano para os



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

cargos e persoas correctamente expresados.

Artigo 73

Os recursos que se interpoñan no proceso electoral ou contra o seu resultado, serán admitidos nun só efecto e non suspenderán a votación, proclamación e posesión dos elixidos, salvo cando así se acorde por causas excepcionais mediante resolución expresa e motivada.

Artigo 74

1. Os candidatos proclamados electos tomarán posesión dentro dos quince días seguintes ao das eleccións, logo de xuramento ou promesa de cumprir lealmente o cargo respectivo e gardar segredo das deliberacións da Xunta de Goberno, momento en que cesarán os substituídos.

2. O decano, baixo a súa responsabilidade, impedirá a toma de posesión ou decretará o cesamento se xa se producise a aqueles candidatos elixidos dos que teña coñecemento que se achaban en calquera das situacións expresadas no artigo 49.1 do Estatuto xeral.

Artigo 75

No prazo de cinco días desde a constitución dos órganos de goberno, deberá comunicarse esta ao Consello Xeral da Avogacía, ao Consello da Avogacía Galega, e ás correspondentes consellerías da Xunta Galicia, coa indicación da súa composición e do cumprimento dos requisitos legais.

Sección terceira

Cesamentos

Artigo 76

Os membros da Xunta de Goberno cesarán polas causas seguintes:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Falta de concorrencia o perda dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do termo ou prazo para o que foron elixidos ou designados.
- e) Falta de asistencia inustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

cinco alternas no período dun ano, logo do acordo da propia Xunta, o a algunha das previstas no artigo 88.4 do Estatuto xeral.

e) Aprobación de moción de censura, segundo o regulado no seguinte capítulo.

CAPÍTULO III

Da Xunta Xeral

Artigo 77

1. O Colexio de Avogados convocará cada ano dúas xuntas xerais ordinarias, unha no primeiro trimestre e outra no último.
2. Ademais, poderanse celebrar cantas xuntas xerais extraordinarias sexan debidamente convocadas, por iniciativa do decano, da Xunta de Goberno o dun número de Colexiados exercentes e residentes que represente polo menos o vinte por cento do seu número total.

Artigo 78

1. Todos os Colexiados incorporados con anterioridade á data da convocatoria da Xunta Xeral poderán asistir con voz e voto á xuntas xerais ordinarias e extraordinarias que se convoquen, pero o voto dos Colexiados exercentes computará con dobre valor que o dos demais Colexiados.
2. Permítese a delegación do voto noutro Colexiado, salvo para eleccións e votacións de censura e sempre cun máximo de tres delegacións por votante. A delegación formalizarase previamente na Secretaría do Colexio.
3. Os acordos das xuntas xerais adoptaranse por maioría simple e, unha vez adoptados, serán obrigatorios para todos os Colexiados, sen prexuízo do réxime de recursos establecido no Estatuto Xeral.

Artigo 79

1. As xuntas xerais deberán convocarse coa antelación mínima de quince días, salvo os casos de urxencia en que a xuízo do decano deba reducirse o prazo.
2. A dita convocatoria inserirase no taboleiro de anuncios coa orde do día.
3. Citarase tamén aos Colexiados por carta ou mediante publicación en periódico da localidade nas que igualmente se inserirá a orde do día, ou nas formas precisadas no artigo 92.2 destes estatutos.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 80

1. A Xunta Xeral ordinaria que se vaia realizar no primeiro trimestre de cada ano terá a seguinte orde do día:

- 1.º Resumo que fará o decano dos acontecementos máis importantes que durante o ano anterior tivesen lugar en relación co colexio.
- 2.º Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
- 3.º Lectura, discusión e votación dos asuntos que se consignen na convocatoria.
- 4.º Proposicións.
- 5.º Rolda aberta de intervencións.

2. Quince días antes da Xunta, os colexiados poderán presentar as proposicións que desexen someter á deliberación e acordo da Xunta Xeral, e que serán tratadas na orde do día dentro da sección denominada proposicións. As ditas proposicións deberán aparecer subscribas por un número de colexiados que represente o cinco por cento do total do censo do colexio con efectos do 31 de decembro do ano inmediatamente anterior. Ao ler a estas proposicións, a Xunta Xeral acordará se procede ou non abrir discusión sobre elas.

Artigo 81

A Xunta Xeral ordinaria que se vai celebrar no último trimestre de cada ano terá a seguinte orde do día:

- 1.º Exame e votación do orzamento formado pola Xunta de Goberno para o exercicio seguinte.
- 2.º Lectura, discusión e votación dos asuntos que se consignen na convocatoria.
- 3.º Rolda aberta de intervencións.

Artigo 82

A Xunta Xeral extraordinaria deberá efectuarse no prazo de trinta días naturais contados desde o acordo do decano ou da Xunta de Goberno ou desde a presentación da solicitude dos colexiados, e nunca poderán tratarse nestas máis asuntos ca os expresados na convocatoria.

Artigo 83

1. O voto de censura á Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros competeralle sempre á Xunta Xeral extraordinaria convocada para ese efecto.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

2. A solicitude desa convocatoria de Xunta Xeral extraordinaria requirirá a sinatura dun mínimo do 20 por 100 dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación, e expresará con claridade as razóns en que se funde.

3. A válida constitución da dita Xunta Xeral extraordinaria requirirá a concorrencia persoal da metade máis un do censo colexial con dereito a voto que deberá expresarse necesariamente de

forma secreta, directa e persoal. A moción de censura deberá ser aprobada de conformidade co regulado no artigo 78.3, por maioría simple.

Artigo 84

1. Os estatutos particulares deste colexio ou as súas modificacións serán elaborados polo propio colexio, mediante un proxecto que deberá ser aprobado pola Xunta Xeral extraordinaria, que requirirá para a súa válida constitución con este fin a asistencia da metade máis un do censo colexial con dereito a voto.

2. Se non se acadase o dito quórum, a Xunta de Goberno convocará unha nova Xunta Xeral na que non se esixirá ningún quórum especial.

3. O proxecto de estatutos ou a súa modificación será sometido ao Consello Xeral da Avogacía Española e ás correspondentes Consellerías da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

CAPÍTULO IV

Da execución dos acordos e libros de actas

Artigo 85

1. Os acordos da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno do Colexio e as decisións do decano e demais membros da Xunta de Goberno serán inmediatamente executivos, salvo que o propio acordo estableza outra cousa ou se trate de materia disciplinaria.

2. Os acordos que lles deban ser notificados persoalmente aos colexiados, referidos a calquera materia incluso a disciplinaria, poderán selo no domicilio profesional que teñan comunicado ao colexio, en cumprimento da obriga establecida no parágrafo c) do artigo 36 destes estatutos. Se non puidese ser efectuada a notificación nos termos previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a entrega poderá realizala un empregado do Colexio de Avogados, con suxeición ao indicado nos



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

apartados 2 e 3 do dito precepto; e se tampouco así puidese efectuarse a notificación, entenderase realizada aos quince días da súa colocación no taboleiro de anuncios do propio Colexio de Avogados, que poderá facerse na forma prevista no artigo 61 da citada lei.

Artigo 86

1. No colexio levaranse obrigatoriamente dous libros de actas, onde se transcribirán separadamente as correspondentes á Xunta Xeral e á Xunta de Goberno.
2. As actas deberán ser asinadas polo decano ou por quen estatutariamente presidise a Xunta substituíndoo e polo secretario ou quen desempeñase as súas funcións.

TÍTULO III DO RÉXIME ECONÓMICO COLEXIAL

Artigo 87

1. O exercicio económico do colexio coincidirá co ano natural.
2. O funcionamento económico do Colexio de Avogados axustarase ao réxime de orzamento anual e será obxecto dunha ordenada contabilidade.
3. En todas as adquisicións de bens ou contratacións de servizos que lle afecten ao colexio e que superen a contía de mil cincocentos euros, actualizable anualmente a teor da variación do índice de prezos ao consumo, será necesaria a existencia de tres ofertas previas por escrito.
4. Todos os colexiados poderán examinar as contas do colexio durante os quince días hábiles anteriores á data de celebración da Xunta Xeral que teña de aprobalas.

Artigo 88

1. Constitúen recursos ordinarios do colexio:
 - a) Os rendementos de calquera natureza que produzan as actividades, bens ou dereitos que integren o patrimonio do colexio, así como os rendementos dos fondos depositados nas súas contas.
 - b) As cotas de incorporación ao colexio.
 - c) Os dereitos que fixe a Xunta de Goberno por expedición de certificacións.
 - d) Os dereitos que fixe a Xunta de Goberno de cada colexio por emisión de ditames, resolucións, informes ou consultas que esta evacúe sobre calquera materia, incluídas



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

as referidas a honorarios, a petición xudicial ou extraxudicial, así como pola prestación doutros servizos colexiais.

e) O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, así como as derramas e pólizas colexiais establecidas pola Xunta de Goberno e as cotas extraordinarias que aprobe a Xunta Xeral.

f) Os dereitos de intervención profesional, na contía e forma que no seu caso estableza o colexio para os seus colexiados.

g) A participación que lle corresponda ao colexio na recadación de pólizas substitutivas do papel profesional da Mutualidade Xeral da Avogacía, Mutualidade de Previsión Social a prima fixa, para os seus fins específicos.

h) Calquera outro concepto que legalmente proceda.

2. Constituirán recursos extraordinarios do colexio:

a) As subvencións ou donativos que lle concedan ao colexio o Estado ou corporacións oficiais, entidades ou particulares.

b) Os bens e dereitos de toda clase que por herdanza, legado ou outro título pasen a formar parte do patrimonio do colexio.

c) As cantidades que por calquera concepto lle corresponda percibir ao colexio cando administre, en cumprimento dalgún encargo temporal ou perpetuo, incluso cultural ou benéfico, determinados bens ou rendas.

d) Calquera outro que legalmente proceda.

Artigo 89

1. O patrimonio do colexio será administrado pola Xunta de Goberno, facultade que exercerá a través do tesoureiro e coa colaboración técnica que se precise.

2. O decano exercerá as funcións de ordenador de pagamentos, que o tesoureiro executará e coidará da súa contabilización.

Artigo 90

1. O Colexio de Avogados deberá realizar unha auditoría en caso de novación total ou parcial da súa Xunta de Goberno, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

2. A auditoría será realizada por unha persoa física ou xurídica externa, habilitada legalmente, e limitarase a comprobar a corrección da contabilidade e a realidade do gasto.



TÍTULO IV DO PERSOAL E DO FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO DO COLEXIO

Artigo 91

No caso de ser contratado un secretario técnico, director letrado ou xerente, terá como misión informar os asuntos sometidos á deliberación das xuntas, organizará administrativamente o colexio e terá as demais funcións e competencias que a propia Xunta de Goberno determine ou delegue, agás a competencia para resolver expedientes disciplinarios. En todo caso deberá ser licenciado en dereito.

Artigo 92

1. A actividade do colexio axustarase, no non previsto nestes estatutos nin no Estatuto Xeral, ao disposto nas leis administrativas e laborais, segundo a natureza dos asuntos desempeñados.
2. As convocatorias, circulares e toda clase de notificacións e comunicacións colexiais, poderanse practicar por medios telemáticos, fax ou listas de correo de distribución electrónica ou mensaxes de correo electrónico ao enderezo que o colexiado lle facilitase ao colexio.
3. Exclúese do anterior o medio de notificación das resolucións recaídas en expedientes disciplinarios ou sancionadores, que haberá de seguir o procedemento previsto nestes estatutos.

TÍTULO V DO RÉXIME DE RESPONSABILIDADE DOS COLEXIADOS

CAPÍTULO I

Responsabilidade penal e civil

Artigo 93

1. Os avogados están suxeitos a responsabilidade penal polos delitos e faltas que



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

cometan no exercicio da súa profesión.

2. Os avogados no seu exercicio profesional, están suxeitos a responsabilidade civil cando por dolo ou negligencia danen os intereses dos que lles fose confiada a súa defensa, responsabilidade que será esixible conforme á lexislación ordinaria ante os tribunais de xustiza, e poderase establecer legalmente o seu aseguramento obrigatorio.

Artigo 94

O avogado que reciba o encargo de promover actuacións de calquera clase contra outro sobre responsabilidades relacionadas co exercicio profesional, deberá informar o decano do colexio para que poida realizar un labor de mediación, se o considera oportuno, aínda cando o incumprimento do dito deber non poida ser disciplinariamente sancionado.

CAPÍTULO II

Responsabilidade disciplinaria

Sección primeira

Réxime e potestade disciplinaria

Artigo 95

1. Os avogados están suxeitos a responsabilidade disciplinaria no caso de infracción dos seus deberes profesionais ou deontolóxicos.

2. As facultades disciplinarias da autoridade xudicial sobre os avogados axustaranse ao que dispoñen as leis procesuais. As sancións ou correccións disciplinarias que impoñan os tribunais ao avogado faranse constar no expediente persoal deste, sempre que se refiran directamente a normas deontolóxicas ou de conduta que deban observar na súa actuación ante a Administración de Xustiza.

3. As sancións disciplinarias corporativas faranse constar en todo caso no expediente persoal do colexiado.

Artigo 96

O decano e a Xunta de Goberno son competentes para o exercicio da xurisdición disciplinaria, con atención ás seguintes normas:



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

1. Estenderase á sanción de infracción de deberes profesionais ou normas éticas de conduta en canto lle afecten á profesión.
2. As correccións que poderán aplicarse son as seguintes:
 - a) Amoestación privada.
 - b) Apercibimento por escrito.
 - c) Suspensión do exercicio da avogacía por un prazo non superior a dous anos.
 - d) Expulsión do colexio.

Artigo 97

1. Compétenlle ao Consello da Avogacía Galega as facultades disciplinarias en relación cos membros da Xunta de Goberno deste colexio.

Sección segunda

Das infraccións e sancións

Artigo 98

As infraccións que poden levar aparellada unha sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 99

Son infraccións moi graves:

- a) A infracción das prohibicións establecidas no artigo 21 ou das incompatibilidades contidas nos artigos 22 e 24 do Estatuto xeral da avogacía española.
- b) A publicidade de servizos profesionais con incumprimento dos requisitos especificados no artigo 25 do referido Estatuto Xeral, e calquera outra infracción que nestes estatutos tivese a cualificación de infracción moi grave.
- c) A comisión de delitos dolosos, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión, así como os actos e omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión, ás regras éticas que a gobernan e aos deberes establecidos nestes estatutos.
- d) O atentado contra a dignidade ou honor das persoas que constitúen a Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións; e contra os demais compañeiros con ocasión do exercicio profesional.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

- e) A embriaguez ou consumo de drogas cando afecten gravemente ao exercicio da profesión.
- f) A realización de actividades, constitución de asociacións ou pertenza a estas, cando teñan como fins ou realicen funcións que sexan propias e exclusivas dos colexios.
- g) A comisión dunha infracción grave, logo de ser sancionado pola comisión doutras dúas do mesmo carácter e das de non se tivese extinguido a responsabilidade conforme ao artigo 105 destes estatutos.
- h) A intrusión profesional e o seu encubrimento.
- i) A cooperación necesaria do avogado coa empresa ou persoa á que preste os seus servizos para que se apropien de honorarios profesionais aboados por terceiros e que non lle fosen previamente satisfeitos cando, conforme ao que dispón o artigo 50.2 destes estatutos tales honorarios lle correspondan ao avogado.
- j) A condena dun colexiado en sentenza firme a penas graves conforme ao artigo 33.2 do *Código penal*.
- k) O deliberado e persistente incumprimento das normas deontolóxicas esenciais no exercicio da avogacía.

Artigo 100

Son infraccións graves:

- a) O incumprimento grave das normas estatutarias ou dos acordos adoptados no ámbito da súa competencia, así como polo reiterado incumprimento da obriga de atender as cargas colexiais previstas no artigo 40-a) destes estatutos, salvo que constitúa infracción de maior gravidade.
- b) O exercicio profesional no ámbito doutro colexio sen a oportuna comunicación da actuación profesional, o que deberá sancionar o colexio no ámbito territorial do cal actúe.
- c) A falta de respecto, por acción ou omisión aos compoñentes da Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións.
- d) Os actos de desconsideración manifesta cara aos compañeiros no exercicio da actividade profesional e a infracción do disposto no artigo 33 destes estatutos sobre venia.
- e) A competencia desleal, cando así fose declarada polo órgano competente, e a infracción do disposto no artigo 25 do Estatuto xeral sobre publicidade, cando non constitúa infracción moi grave.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

- f) A habitual e temeraria impugnación das minutas dos compañeiros, así como a reiterada formulación de minutas de honorarios que sexan declarados excesivos ou indebidos.
- g) Os actos e omisións descritos nos apartados a), b), c) e d) do artigo anterior, cando non tivesen entidade suficiente para ser considerados como moi graves.
- h) O exercicio profesional en situación de embriaguez, ou baixo a influencia de drogas tóxicas.

Artigo 101

Son infraccións leves:

- a) A falta de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións, cando non constituía falta moi grave ou grave.
- b) A negligencia no cumprimento das normas estatutarias.
- c) O incumprimento leve dos deberes que a profesión impón.
- d) Os actos enumerados no artigo anterior, cando non tivesen entidade suficiente para ser considerados como graves.

Artigo 102

1. As sancións que se poden impoñer por infraccións moi graves serán as seguintes:
 - a) Para as dos apartados b), c), d), e), f), g), h), i) do artigo 99, suspensión do exercicio da avogacía por un prazo superior a tres meses sen exceder de dous anos.
 - b) Para as dos apartados a), j) e k) do mesmo artigo, expulsión do colexio.
2. Por infraccións graves poderá impoñerse a sanción de suspensión do exercicio da avogacía por un prazo non superior a tres meses.
3. Por infraccións leves poderán impoñerse as sancións de amoestación privada ou a de apercibimento por escrito.

Artigo 103

1. As infraccións leves serán sancionadas pola Xunta de Goberno ou polo decano do colexio mediante expediente limitado á audiencia ou descargo do inculpado.
2. As infraccións graves e moi graves serán sancionadas pola Xunta de Goberno, tras a apertura do expediente disciplinario, tramitado conforme ao regulado no Regulamento de procedemento disciplinario e Lei de réxime xurídico das



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A Xunta de Goberno e o decano serán en todo caso os órganos competentes para resolver, e as facultades instrutoras deberán corresponder a outros que se creen con tal fin.

4. En todo caso os acordos de suspensión por máis de seis meses ou expulsión deberán ser tomados pola Xunta de Goberno mediante votación secreta e coa conformidade das dúas terceiras partes dos seus compoñentes. A esta sesión estarán obrigados a asistir todos os compoñentes da Xunta, de modo que o que sen causa xustificada non concorrese cesará como membro da Xunta de Goberno e non se poderá presentar como candidato na elección mediante a que se cubra a súa vacante.

Artigo 104

1. As sancións disciplinarias executaranse unha vez que sexan firmes. Poderanse facer públicas cando gañen firmeza.

2. Tales sancións terán efectos no ámbito de todos os colexios de avogados de España, fin para o que o colexio terá preceptivamente que comunicarlhas ao Consello Xeral da Avogacía Española.

Artigo 105

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extínguese polo cumprimento da sanción, o falecemento do colexiado, a prescrición da falta e a prescrición da sanción.

A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e a sanción quedará en suspenso para ser cumprida se o colexiado causase novamente alta no colexio.

Artigo 106

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde que a infracción se cometese.

3. A prescrición interromperase pola notificación ao colexiado afectado do acordo de incoación de información previa á apertura de expediente disciplinario, e retomárase o cómputo do prazo de prescrición se nos tres meses seguintes non se incoa un expediente disciplinario ou este permanece paralizado durante máis de seis meses, por causa non imputable ao colexiado inculpado.



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Artigo 107

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por infraccións graves, aos dous anos; e as impostas por infraccións leves, aos seis meses.
2. O prazo de prescrición da sanción por falta da súa execución comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que teña quedado firme a resolución sancionadora.
3. O prazo de prescrición da sanción, cando o sancionado quebrante o seu cumprimento, comezará a contar desde a data do quebrantamento.

Artigo 108

1. A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado cancelárase cando transcorresen os seguintes prazos, sen que o colexiado incorrese nunha nova responsabilidade disciplinaria: seis meses para o caso de sancións de amoestación privada ou apercibimento escrito; un ano para o caso de sanción de suspensión non superior a tres meses; tres anos para o caso de sanción de suspensión superior a tres meses; e cinco anos para o caso de sanción de expulsión. O prazo de caducidade contarase a partir do día seguinte a aquel en que quedase cumprida a sanción.
2. A cancelación da anotación, unha vez cumpridos os ditos prazos, poderá facerse de oficio ou por pedimento dos sancionados.

TÍTULO VI DO RÉXIME XURÍDICO DOS ACORDOS SOMETIDOS A DEREITO ADMINISTRATIVO E A SÚA IMPUGNACIÓN

Artigo 109

1. Son nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais que incorran nalgún dos supostos que establece o artigo 62 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Son anulables os actos dos órganos colexiais que incorran nos supostos establecidos no artigo 63 da citada lei.

Artigo 110

1. As persoas con interese lexítimo poderán formular recurso ante o Consello da



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

Avogacía Galega contra os acordos da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral do colexio, dentro do prazo dun mes desde a súa publicación ou, de ser o caso, da notificación aos colexiados ou persoas a quen lle afecte.

2. O recurso será presentado ante a Xunta de Goberno que ditou o acordo, que deberá remitir-lo, cos seus antecedentes e o informe que proceda, ao Consello da Avogacía Galega dentro dos quince días seguintes á data de presentación, salvo que de oficio repoña o seu propio acordo no dito prazo. O Consello da Avogacía Galega, logo dos informes que estime pertinentes, deberá ditar resolución expresa dentro dos tres meses seguintes á súa interposición, entendéndose que, en caso de silencio queda denegado. O recorrente poderá solicitar a suspensión do acordo contra o que recorreu e o consello poderá acordala ou denegala motivadamente.

Artigo 111

1. A Xunta de Goberno tamén poderá recorrer contra os acordos da Xunta Xeral ante o Consello da Avogacía Galega, no prazo dun mes desde a súa adopción.

2. Se a Xunta de Goberno entendese que o acordo contra o que recorre é nulo de pleno dereito ou

Artigo 112

Contra os actos emanados da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno do colexio, en canto estean suxeitos ao dereito administrativo, unha vez esgotados os recursos corporativos, poderase recorrer directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 113

Os prazos destes estatutos expresados en días entenderanse referidos a días hábiles, salvo que expresamente se diga outra cousa.

TÍTULO VII EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DO COLEXIO

Artigo 114

O ilustre Colexio de Avogados de Ferrol extinguirase e disolverase por acordo unánime dos seus colexiados aprobado en Xunta Xeral convocada para o efecto. O dito acordo expresará o que corresponda sobre a liquidación do seu patrimonio, a sucesión dos seus dereitos e obrigas, a súa personalidade e a extensión ou cesión das súas



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL

potestades e competencias administrativas.

Disposición adicional

Para o non previsto nestes estatutos e respecto aos actos dos órganos colexiais que supoñan exercicio de potestades administrativas, serán de aplicación ao Estatuto xeral da avogacía española, o Estatuto do Consello da Avogacía Galega, as normas de desenvolvemento que os ditos consellos diten e a Lei de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común.

Disposicións transitorias

D.T. Primeira

As situacións creadas e os dereitos adquiridos consonte o réxime anteriormente en vigor serán respectados.

D.T. Segunda

Coa finalidade de cumprir o que establece o artigo 66 destes estatutos, realizaranse eleccións para anovar a metade da actual Xunta de Goberno no segundo trimestre do ano dous mil catro e no primeiro trimestre do ano dous mil seis, e queda facultada a Xunta de Goberno para designar os cargos que se elixirán en cada unha de tales convocatorias electorais.

Estes estatutos foron aprobados pola Xunta Xeral Extraordinaria de 19 de setembro de 2002 e polo Pleno do Consello Xeral da Avogacía celebrado o 10 de decembro de 2002 e modificados parcialmente o 14-12-2004 e o 9-05-2012 (art. 1.3 e 66 puntos 1 e 2).